

ESCOLLER O MELLOR RAIGRÁS

A DIFERENZA ESTÁ NO CONTIDO DE AZUCRES

David Castellanos e Diego García

Técnicos comerciais de Semillas Fitó en Galicia e Asturias

Nos últimos anos, as ganderías de vacún de leite da cornixa cantábrica preocupápanse, cada vez máis, pola calidade das súas pradeiras. Segundo datos da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a superficie dedicada a prados e praderías supera as 400.000 ha, o que supón un 14 % da superficie total de Galicia. Á gran cantidade de hectáreas, sumámoslles os beneficios ambientais que estas teñen, como fixar o CO₂ no solo, evitar a escorrentía e, polo tanto, a erosión. Á parte da calidade, outra das principais preocupacións é o fin das pradeiras, que adoita ser habitualmente a alimentación animal. No caso das ganderías de vacún e, en especial, as de vacún de leite, o aproveitamento das praderías faise mediante ensilado, *henificado* ou pastoreo.

Sen afondar no método de aproveitamento das pradeiras, cómpre destacar algúns aspectos técnicos das especies que as compoñen, en concreto o raigrás, que é, sen dúbida, a especie máis cultivada e que aparece en maior proporción nos prados e praderías.

O raigrás como alimento para o gando pódese inxerir por medio de silo ou pastoreo. Para pastoreo, unha das características máis importantes do raigrás é a capacidade de resistencia **ao piso**. Para iso, o raigrás debe ter unha **alta capacidade de rebrote** e un **sistema radicular profundo**. Outra característica importante en pastoreo é o momento de introducir o raigrás ao gando. O momento ideal para iso é cando o raigrás ten unha altura próxima aos 50 cm, xa que **a dixestibilidade e a palatabilidade son máximas**. O gando inxire máis cantidade de alimento e asimíalo mellor debido **ao contido en azúcares** que ten nese momento a planta, aínda que este aspecto pode variar en función da fertilización e do momento do ano.

O ensilado de raigrás, ben sexa como moespecie ou como compoñente dunha pradeira multiespecie, é a opción maioritaria nas ganderías de leite da cornixa cantábrica.

Á hora de realizar un bo ensilado hai que ter en conta:

- **O momento de corte.** Este marca os seguintes procesos. Non facelo no momento adecuado pode poñer en risco a calidade do ensilado.
- **O presecado.** Non debe ser excesivo, xa que contidos de MS superiores ao 35 % poden provocar problemas por mala compactación.
- **A compactación.** Débense evitar bolsas de aire que eviten a proliferación de bacterias aerobias (enterobacterias) e fungos que poden provocar perdas no silo.
- **O tapado final.** Debe asegurarse que non entra aire que poida pór en risco o proceso de ensilado.

O proceso de ensilado, unha vez tapado, divídese en tres fases:


1.ª fase: as bacterias aerobias (enterobacterias) utilizan o osíxeno para producir dióxido de carbono, auga e calor. Cando a forraxe se manexa ben, esta etapa dura menos de seis horas e redúcese as posibles perdas nutricionais.

2.ª fase: a medida que se vai esgotando o osíxeno, iníciase o proceso de conservación, no cal as bacterias anaerobias (bacterias BAC, que producen ácido láctico) descompoñen os azúcares da planta en ácidos orgánicos, de modo que o cultivo se estabiliza para o seu almacenamento. En condicións ideais, a segunda fase dura entre un e tres días.

3.ª fase: as bacterias anaerobias (bacterias BAC) producen ácido láctico a partir de materia orgánica ensilada, que é moi importante como fonte de enerxía para os ruminantes. O ácido láctico fai que o pH do ensilado baixe aínda máis e a fermentación continúa por un máximo de 14 días ata que o pH chega a un valor de 4,0, óptimo.

Por tanto, podemos garantir que **os azúcares son un elemento fundamental** para asegurar unha boa conservación do raigrás e, consecuentemente, unha alta calidade. O elevado contido de azúcares na planta faina máis apetecible e, por tanto, aumentan a inxestión e a dixestibilidade, xa que se estimula o rume do estómago da vaca, polo que aproveita mellor o alimento.

O IBERS (Institute of Biological, Environmental and Rural Sciences), pertencente á Universidade de Aberystwyth en Gales, desenvolveu raigrases con elevado contido de azúcares. Estes presentan unha maior dixestibilidade grazas ao seu baixo contido en fibras e a un elevado contido de carbohidratos solubles, azúcares (CHNF). Chegan a presentar aproximadamente un 17 % máis de CHNF que un raigrás convencional, incrementando a súa dixestibilidade nun 5-5,5 %.



MAIOR DIXESTIBILIDADE

Ao presentar maior cantidade de carbohidratos solubles e un menor contido de fibras, os raigrases con elevado contido en azucres proporcionan unha maior dixestibilidade da forraxe. Este incremento da dixestibilidade repercute nun maior aproveitamento da forraxe para obter a enerxía metabolizable (ME) e destinala a funcións metabólicas, de mantemento, crecemento, produción de leite ou carne e á reprodución. Un aumento porcentual na dixestibilidade (DMO) equivale a 0,15 MJ/kg adicionais de ME.

Os **raigrases Aber** teñen unha dixestibilidade entre un 5 e un 5,5 % máis alta que outros raigrases comerciais. Esta diferenza supón un incremento de 1,4-1,5 litros de leite por vaca e día.

MAIOR PRODUTIVIDADE ANIMAL

A palatabilidade incrementa debido ao maior contido de azucres, o que fomenta unha maior ingestión de materia seca (MS), que pode chegar aos 2 kg por vaca e día. Un incremento na dixestibilidade do 1 % permite que unha vaca leiteira produza 0,28 litros adicionais por día ou que unha vaca produza 40 gramos adicionais de carne por día.

Os ruminantes son pobres convertidores de proteína procedente da forraxe, utilizando soamente o 20 % para produción e o resto é desperdiciado como feces ou oríños. O alto nivel de hidratos de carbono soluble en auga nos produtos Aber proporciona maior enerxía fermentable no rume. Isto aumenta a eficiencia na captura de proteína degradable no rume



e reduce a cantidade de nitróxeno perdido cos excrementos.

Ademais, este tipo de raigrases foron desenvolvidos para resistir á seca, debido ao seu sistema radicular máis profundo e con mellor capacidade de rebrote, o que os fai máis tolerantes ao piso.

Na península ibérica, este tipo de produtos véndense de maneira exclusiva a través de Semillas Fitó.

**EXPERTOS
EN TU CAMPO**



www.semillasfito.com

fito
Tus semillas